



## EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES



MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ  
*Un nicho para Marilyn*

Colección LITERARIA

EDITORIAL GALAXIA 2004, 148 páxinas

P. V. P. 12 € IVE incluído

ISBN 84-8288-672-X

### 3ª EDICIÓN DE FRANK SOUTELO

**A** novela *Un nicho para Marilyn*, protagonizada por Frank Soutelo, detective privado californiano de pais galegos, acada a súa terceira edición e continúa o éxito iniciado coa obtención do Premio García Barros 2002. Soutelo encárgase de investigar a desaparición do cadáver de Marilyn Monroe, co que está relacionada unha rede de necrofilia de “alto nivel”. O texto de Miguel Anxo Fernández acerta cos seus diálogos faiscantes, coa ironía e cun tratamento novo e orixinal do mítico mundo do cinema. Unha divertida e paródica obra do xénero negro.

#### A OPINIÓN DA CRÍTICA

“Unha novela negra, de factura canónica e de lectura amena, dona dunha rica fraseoloxía.”  
Xosé M. Eyré, *A Nosa Terra*

“Escrita cunha lingua directa, unha narración lineal, con formas expresivas afíns á linguaxe cinematográfica tanto no dominio dun ritmo áxil coma á hora de nos transmitir lances vivos e vehementes.”

Francisco Martínez Bouzas, *Faro da Cultura*

“Unha novela que, mirada polo miúdo, cumpre con todos os requisitos de toda obra policial, detectivesca, criminal ou, mesmo, para iso que se deu en chamar novela negra e que ten en Galicia tan singulares readaptacións.”

Camilo Franco, *La Voz de Galicia*

“A pescuda de Frank Sotuelo xa é un fito no xénero negro da literatura galega.”  
Xesús Fraga, *Radio Voz*

“Asumindo a marca literaria do xénero detectivesco, sèrvese do humor para humanizar os personaxes en secuencias de evocadora estrutura cinematográfica.”

Luis Álvarez Pousa, *Tempos Novos*

**MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ** (O Carballiño, 1955). Investigador e teórico cinematográfico, vencellado desde finais dos anos setenta ó desenvolvemento do audiovisual galego, labor polo que se lle concedeu o Premio de Honra Fernando Rey no 2001. Mestre e licenciado en Historia da Arte, exerce a crítica diaria de cinema e televisión en *La Voz de Galicia*. Entre a súa obra especializada, destacan *O Carballiño. Crónica de cine. 1900-1990* (1994, Premio Historia da Galicia Cinematográfica), *Carlos Velo. Cine e exilio* (1996), *As imaxes de Carlos Velo* (2001, Premio Sempre en Galicia), e *A Bella Otero, pioneira do cine* (2002, Premio Chano Piñeiro). *O sabre do francés* (Galaxia, 2002) foi a súa primeira incursión na literatura de ficción.

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Reconquista, 1. 36201Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.es

